

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Ordinaria

Data: 2 de setembro de 2024

Duración: Dende as 21:00 até as 21:25 horas.

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Secretaria: CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***4518**	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
***9241**	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
***9703**	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
***6102**	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
***4385**	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
***2721**	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
***1779**	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
***8719**	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
***6501**	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
***2786**	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
***9319**	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
***6003**	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
***7771**	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, celebradas os días 27 de xuño e 17 de xullo do 2024.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Pola Presidencia sométense a aprobación as actas das sesións anteriores, celebradas os días 27 de xuño e 17 de xullo do 2024. Non presentándose ningunha observación, resultan aprobadas.

Expediente 194/2024. Dar conta da aprobación da Liquidación do Orzamento 2023.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Vista a proposta de resolución PR/2024/108 de 13 de agosto de 2024, polo Sr. Alcalde dase conta da aprobación da Liquidación do Orzamento do exercicio económico 2023. A Corporación dase por enteirada.

Expediente 503/2024. Solicitud de Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2024" da Deputación Provincial da Coruña.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O Pleno desta deputación, na sesión realizada o 31 de maio de 2024, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024 e os seus anexos.

O POS+Adicional 2/2024 destínase aos 93 concellos da provincia para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles ou do gasto corrente do exercicio 2024. O POS+Adicional 3/2024 tamén destínase aos 93 concellos da provincia e a súa finalidade é que os 76 concellos da provincia que teñen unha débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023 poidan reducir a súa débeda, mentres que os 17 concellos restantes poderán solicitar o financiamento do seu gasto corrente.

Vista a circular da Deputación de maio de 2024, na que dita as instrucións necesarias para cumprimentar as solicitudes do Plan Adicional 2_2024, tanto na primeira como na segunda fase; propónse ao Pleno desta Corporación á adopción do seguinte

Vista a proposta de resolución PR/2024/113 de 19 de agosto de 2024.

ACORDO:



1.- Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2024”** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	100.614,14 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI</u> incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
	0	0		0	0
TOTAL	0	0		0	0

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
	0	0		0	0
TOTAL	0	0		0	0

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	100.614,14				100.614,14
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	0	0		0	
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	0	0		0	
TOTAL	100.614,14	0		0	100.614,14 €



- 2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.
- 4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde explica que, dentro do Plan Provincial de Cooperación, o Concello destinará máis de 100.000 euros a gasto corrente para financiar servizos básicos. Xustifica esta decisión polo incremento dos custos en determinados servizos e a necesidade de manter outros recentemente creados.

D. Francisco Calo Abelleira, Voceiro do Grupo do Popular Popular, toma a palabra para expresar a súa disconformidade. Critica que estes fondos, que poderían destinarse a melloras en infraestruturas como accesos a aldeas e ampliación da rede de saneamento, se utilicen para cubrir gastos que deberían ser asumidos polo propio orzamento municipal. Sinala que o goberno aprobou un orzamento en 2024 que en teoría estaba equilibrado, sen contar con esta axuda, polo que considera que estes cartos deberían destinarse a investimentos. Anuncia que o Grupo Popular votará en contra desta proposta.

O Sr. Alcalde, na quenda de réplica, responde ás críticas defendendo a decisión do goberno. Explica que a maioría dos concellos destinan parte destes fondos a gasto



corrente debido á necesidade de financiar servizos básicos, especialmente aqueles que son novos e necesarios para a comunidade. Afirma que os recursos ordinarios do Concello son limitados e que, sen esta asignación, non sería posible prestar certos servizos con calidade. Conclúe que o uso destes fondos está xustificado e que se destina a cubrir necesidades fundamentais para o benestar da comunidade.

Finalizado o debate, procédese á votación, resultando APROBADA a proposta cos votos a favor do grupo de goberno e os votos en contra do Grupo Popular.

Expediente 761/2024. Aprobación do calendario de festivos locais para o ano 2025.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Dada a necesidade de aprobar o calendario de festivos locais para o ano 2025, e en aplicación das previsións contidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propoño ó Pleno a adopción do seguinte

Vista a proposta de resolución PR/2024/112 de 19 de agosto de 2024.

ACORDO:

PRIMEIRO. Fxar como días festivos para o ano 2025 as seguintes datas:

- Luns, 29 de setembro (San Campio)
- Mércores, 5 de marzo (Mércores de Cinsa)

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo á Xefatura territorial de Emprego e Igualdade (S.M.A.C.), para o seu coñecemento e efectos.

Non habendo debate, procédese á votación, resultando APROBADA a proposta por unanimidade.

Mocións.

Non se presentan mocións para o seu debate en sede plenaria.

Rogos e preguntas.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes e no seu nome o concelleiro Domingo A. Troncoso Martelo, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fai as seguintes



PREGUNTAS ao Grupo de Goberno:

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): retómase a pregunta sobre o estado da reposición da protección dos contedores da estrada AC-196, á altura da ponte de Afonso, e a situación dos balados adquiridos co financiamento do Fondo de Compensación Ambiental en 2021, que estaban pendentes de colocación en diversas localizacións, e que fora plantexada no Pleno ordinario anterior.

RESPOSTA (D^a Alba Quintela Vilariño): Informa que o balado retirado da ponte de Afonso foi recolocado en Brión de Arriba. En canto aos outros balados mencionados, explica que o balado da parroquia de San Ourense foi colocado na zona do Brenzo, mentres que o balado destinado a Outes aínda está pendente de ser colocado na súa ubicación prevista.

RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira): agradece a resposta, pero subliña a importancia de que estas actuacións se realicen con maior celeridade, dada a súa relevancia para a seguridade viaria e o benestar dos veciños.

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): O último fin de semana do pasado mes de Xuño, celebrouse a II Edición da Feira Náutica de Outes no Freixo.

- Cal foi o custe total da organización e realización da II Feira Náutica do Freixo?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): o custo total foi de 68.212 euros, dos cales 54.751 euros foron financiados a través do Grupo de Acción Local Pesqueira (GALP) con fondos europeos. Detalla que esta cifra inclúe diversas actividades e servizos relacionados coa feira, pero non inclúe a dedicación do persoal propio do Concello que participou na organización e execución do evento. Resalta a importancia da feira como un evento clave para a promoción do patrimonio mariñeiro local e a dinamización económica da zona.

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): Cales son os conceptos detallados dos seguintes contratos menores:

- Servizo de comunicación e publicidade. Importe 10.890 Euros
- Servizo de Showcooking. Importe 4.500 Euros
- Instalación de carpas e casetas na Feira Náutica Freixo 2024. Importe 14.798,30 Euros
- Dinamización cultural e musical Feira Náutica do Freixo por un Importe de 18.029 Euros
- Servizo de divulgación de embarcacións tradicionais por un Importe de 15.000 Euros



Todos eles relativos a celebración da Ferira Náutica do Freixo 2024 os cales suman un total de 63.217,30 Euros.

RESPOSTA (Sr. Alcalde): responde proporcionando unha descrición pomenorizada de cada contrato:

- **Servizo de comunicación e publicidade:** Explica que este contrato inclúe a xestión das redes sociais da feira, o deseño e elaboración de cartelería, a creación e mantemento dunha páxina web específica para o evento, a cal incluía un sistema de inscrición para actividades, e a produción de material audiovisual para a promoción da feira. O importe deste contrato foi de 10.890 euros.
- **Servizo de show cooking:** Detalla que se realizou unha demostración culinaria baseada en produtos do mar, inicialmente prevista para berberechos, pero adaptada a outros produtos mariños debido a circunstancias externas. A degustación foi ofrecida a 250 persoas, e o custo total do servizo foi de 4.500 euros.
- **Instalación de carpas e casetas:** Este contrato incluíu o aluguer, montaxe e desmontaxe dunha carpa principal de 250 metros cadrados con tarima enmoquetada, así como varias pagodas e casetas de madeira de diferentes dimensións. O Sr. Alcalde enfatiza que a instalación destas estruturas foi esencial para o desenvolvemento das actividades da feira. O custo total foi de 14.798,30 euros.
- **Dinamización cultural e musical:** Este servizo cubriu a programación e execución das actividades culturais e musicais da feira, incluíndo a selección das actuacións, a negociación e contratación de artistas, a coordinación da produción dos espectáculos, e os servizos relacionados como cátering para os artistas, sonorización e iluminación. Entre os grupos contratados, o Sr. Alcalde menciona a Mad Martin Trio, Catuxa Salom, Havaba Café, Monolius D.O.P., Habanoia, e o contacontos Quico Cadaval. O importe total deste servizo foi de 18.029 euros.
- **Divulgación de embarcacións tradicionais:** Este contrato abarcou a organización de actividades relacionadas co patrimonio marítimo, incluíndo exposicións de embarcacións tradicionais en terra, talleres de carpintería de ribeira, e a realización de viaxes en barcos históricos como o Joaquín Vieta. O Sr. Alcalde destaca que estas actividades foron un dos puntos fortes da feira, atraendo un gran número de visitantes. O custo total deste servizo foi de 15.000 euros.

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): O día 1 de Junio do ano 2022 anunciábase na Voz de Galicia "OUTES CONTARÁ CON UNA VIVIENDA PARA ALQUILER SOCIAL EN LA ANTIGUA ESCUELA DE O BOSQUE".



- Cando teñen previsto poñer en funcionamento estas instalacións?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): o proxecto de vivenda para aluguer social está en fase de finalización, pero indica que aínda hai dúas cuestións pendentes. En primeiro lugar, menciona que a Ordenanza reguladora do aluguer da vivenda debe ser aprobada, o que está previsto para o pleno ordinario de outubro. En segundo lugar, informa que o mobiliario necesario para equipar a vivenda aínda non foi adquirido, xa que esta partida non estaba incluída no proxecto inicial. Expresa o desexo de poñer a vivenda en funcionamento o antes posible, unha vez resoltas estas cuestións.

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): No que vai de ano houbo 4 eventos nos cales en dous deles se quitou a concurso a instalación da Polbeira e en outros dous non se xestionou do mesmo modo.

- Cal e o criterio que seguen vostedes para quitar a concurso a Polbeira ou para non facelo?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): a decisión de instalar polbeiras depende do grao de consolidación do evento. Argumenta que en eventos novos ou pouco coñecidos, como a Feira Náutica do Freixo, non se considera apropiado instalar polbeiras porque as empresas que ofrecen este servizo adoitan preferir eventos máis consolidados, onde teñen maiores oportunidades de negocio. Ademais, indica que a inclusión ou non de polbeiras pode influír na atracción de visitantes, pero o risco de quedar sen este servizo en eventos menos coñecidos levou ao Concello a non incluílo nalgúns casos.

PREGUNTA (D^a Beatriz Molinos Vidal): manifesta as súas dúbidas sobre a legalidade da convocatoria deste pleno, dado que se celebrou fóra da orde establecida no pleno de organización do mandato, pois estaba previsto para o último xoves do mes de agosto. Expón que a data e hora dos plenos ordinarios están estritamente delimitadas por acordos tomados no pleno de organización, e suxire que a falta de cumprimento desta orde podería comprometer a validez legal dos acordos tomados na sesión. Pregunta se o goberno mantén a súa postura de que a convocatoria é válida e, en consecuencia, se os acordos tomados no pleno teñen a validez requirida.

RESPOSTA (Sr. Alcalde): o pleno foi convocado dentro dos prazos legais, con 2 días hábiles de antelación, tal e como establece a normativa aplicable. Defende a súa legalidade e explica que, ante a imposibilidade de celebrar o pleno na data inicialmente prevista, se intentou acordar unha nova data co voceiro do Grupo Popular. Afirma que se contactou con D. Francisco Calo Abelleira para discutir a cuestión e buscar un



consenso, pero ao non atopar unha vontade de acadalo, decidiu seguir adiante coa convocatoria entendendo que estaba dentro da legalidade e cumprindo coas obrigas formais.

RÉPLICA (D^a Beatriz Molinos Vidal): sinala que a convocatoria do pleno ordinario nunha data diferente á acordada no pleno de organización debe ser tratada con especial coidado, xa que o incumprimento das datas establecidas podería xerar incerteza xurídica sobre a validez dos acordos tomados. Explica que, aínda que se cumprisen os prazos formais de convocatoria, a alteración da data sen consenso explícito de todos os membros da Corporación pode ser interpretada como unha falta de rigor e de respecto aos procedementos previamente acordados. D^a María Beatriz suxire que a falta de consenso previo á convocatoria podería invalidar os acordos tomados, e solicita ao goberno local que valore a posibilidade de reconsiderar esta cuestión para evitar posibles impugnacións ou problemas legais no futuro.

RÉPLICA (Sr. Alcalde): reafirma que a convocatoria do pleno cumpre cos requisitos legais e que a súa validez non debería ser cuestionada. Argumenta que, aínda que a data inicial non puido ser respectada, o Concello actuou de boa fe ao intentar buscar un consenso co Grupo Popular, e que non atopou vontade de acadar ese consenso. Engade que se asesorou para asegurarse de que a convocatoria estaba dentro da legalidade, e insiste en que o pleno foi convocado en base ás normativas vixentes que permiten certa flexibilidade na reprogramación das datas dos plenos, sempre que se cumpran os prazos de notificación.

ROGO (D^a Beatriz Molinos Vidal): solicita ao goberno maior rigor na xestión dos asuntos municipais. Critica atrasos na convocatoria de plenos, pagos demorados e falta de previsión para incluír asuntos nos plenos ordinarios, o que resulta na necesidade de convocar plenos extraordinarios. Insiste en que unha xestión máis rigorosa e ordenada repercutiría positivamente no servizo que se ofrece aos veciños do concello.

RESPOSTA (Sr. Alcalde): toma nota das críticas e defende que se intentan cumprir os prazos e requisitos establecidos, aínda que poden xurdir imprevistos. Asegura que se seguirá traballando para mellorar a xestión municipal.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 21:25 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

